

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 4 DE XUÑO DE 2024

PRESIDENTA:

A alcaldesa, D^a. María Dolores Pan Lesta

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D. Daniel Mallo Castro
D. Ramón Boga Moscoso
D. David López Saborido
D^a María Yolanda Díaz Baldomir
D. Raúl Varela Fraguío
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día catro de xuño do ano dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. María Dolores Pan Lesta, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Daniel Mallo Castro, D. Ramón Boga Moscoso, D. David López Saborido, D^a María Yolanda Díaz Baldomir, D. Raúl Varela Fraguío e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora municipal, D^a Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 28 DE MAIO DE 2024

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 28 de maio de 2024, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 28 de maio de 2024.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Orde de 22 de maio de 2024, pola que se modifica a Orde de 28 de decembro de 2023, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia. DOG núm. 103, de 29-05-2024.

- Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais da excma. Deputación provincial da Coruña, Resolución do presidente da Deputación número 22249, de aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada no ano 2024. BOP núm. 104, do 30-05-2024.
- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Orde de 27 de maio de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento PR460D). DOG núm. 103, de 31-05-2024.
- Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación e Cultura da excma. Deputación provincial da Coruña, Resolución pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FO221 convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña, durante o ano 2024. BOP núm. 104, do 30-05-2024.
- Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais da excma. Deputación provincial da Coruña, aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024. BOP núm. 107, do 04-06-2024.

3.- PROPOSTAS

3. ÚNICA. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA GRUPO DISBER SIGLO XXI, S.L. PARA O LOTE 2 "SUBMINISTRACIÓN DE LOTES DE PRODUTOS DE NADAL" DO CONTRATO DAS "SUBMINISTRACIÓNS E SERVIZOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL DO NADAL 2022 – 2023. EXP: 2022/C005/00012

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local proposta da Alcaldía de data 29 de maio de 2024 (CVD: MO5I2sL1owy0/jVA1OHY), que transcrita di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que a Xunta de Goberno Local de día 20 de decembro de 2022 acordou a declaración de deserto do Lote 2 "Subministración de lotes de produtos de Nadal" do contrato das "Subministracións e servizos necesarios para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2022 – 2023". Exp: 2022/C005/000012.

Visto que a mesa de contratación, en sesión celebrada con data de 8 de novembro de 2022, propuxo ao órgano de contratación a adjudicación do lote nº 2 do procedemento de referencia a favor da empresa Grupo Disber Siglo XXI, S.L., no prezo ofertado de 4.914,75 euros sen IVA (5.490,00 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtivera a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constaban na cláusula 12 do PCAP (prezo ofertado e calidade técnica), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, requiríndoa para que, de conformidade coa cláusula 17 do PCAP, presentase a través da PLACSP a documentación solicitada.

Visto que a mesa de contratación en sesión celebrada con data de 22.12.2022, propuso excluír ao licitador “Grupo Disber Siglo XXI, S.L.” do procedemento de adxudicación do lote 2 « Subministración de lotes de produtos de Nadal » do contrato mixto de subministracións e servizos para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2022-2023, considerando que a citada empresa retirou a súa oferta, tendo en conta que non atendeuse o requirimento efectuado pola mesa de contratación efectuado con data 12 de decembro de 2022, segundo acordo da mesa de contratación con data do 9 de decembro de 2022, en tanto non presentouse o certificado de inscrición do Plan de Igualdade no Rexistro de Plans de Igualdade da empresa, de conformidade coa normativa aplicable (Real Decreto 901/2020, do 13 de outubro).

Visto que no antedito expediente depositouse unha fianza definitiva constituída mediante transferencia bancaria, de data 25 de novembro de 2022 por importe de 245,75 euros (núm. de rexistro 1107).

Visto o informe asinado con data do 9 de febreiro de 2024 (CVD: AvJle1zww77kj3jjkq4X) polo técnico en Promoción Económica José Luis González Cardalda, no que entre outras cousas sinala que:

“(…)

*Transcorridos o prazo de execución contemplado nos pregos de prescricións e de garantía correspondente, e realizadas satisfactoriamente a totalidade das prestacións obxecto de contratación, e considerando que o órgano competente para efectuar a devolución das garantías do presente contrato é a Xunta de Goberno Local, **PROPONSE,***

Primeiro. Aprobar á devolución da garantía definitiva do contrato correspondente á “Subministración de lotes de produtos de Nadal para o “Desenvolvemento da Campaña de dinamización comercial de Nadal 2022 - 23 do Concello de Cambre” do contrato das “Subministracións e servizos necesarios para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2022 - 2023”, expediente número 2022/C005/000012, á empresa **Grupo Disber Siglo XXI, S.L.**, ascendendo o importe da devandita garantía á cantidade de **245,75 euros.**

(…)”

Visto o informe de intervención referencia LMR devolución garantía Grupo Disber Siglo XXI, S.L. EXPEDIENTE 2022.C005.000012 /2024 asinado con data do 22.05.2024 (CVD: DxH6oDATA+itxA+mjPxB), no que entre outras cousas sinala que:

“(…)”

III) CONSIDERACIONES

Primeira: Irregularidades observadas en relación ao Lote 2 EXPEDIENTE 2022/C005/000012: contrato mixto de subministracións e servizos para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de nadal 2022 – 2023.

De conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de día 3 de xaneiro de 2023 declarouse deserto o lote 2 “subministración lotes de produtos do Nadal” do contrato mixto de subministracións e servizos para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2022-2023, expediente

numero 2022/C005/000012, por ser as duas empresas excluidas as unicas que presentaron proposicion neste lote

A pesar do exposto, consta o expediente tedec numero 2023/T003/001364 ao que se achega a seguinte factura, a cal, foi obxecto de conformidade polo Tecnico en Promocion Economica no seu informe asinado o 03.04.2023 (CVD: uuMradpTtz0g+lmhQZQa):

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
F/2023/1345	30/03/2023	FCNG 230300211	27/03/2023	5.489,90	B96978671	GRUPO DISBER SIGLO XXI S.L.	SUMINISTRO DE 80 LOTES DE ALIMENTOS PARA CESTAS NAVIDEÑAS PROGRAMA DINAMIZACION COMERCIAL 2022-2023

Advirto por escrito que a prestación do subministro denominado 80 LOTES DE ALIMENTOS PARA CESTAS NAVIDEÑAS PROGRAMA DINAMIZACIÓN COMERCIAL 2022-2023 polo Terceiro GRUPO DISBER SIGLO XXI S.L. có

CIF B96978671 **vulnera os seguintes artigos:**

- Artigo **36.1 LCSP**: os contratos que celebren os poderes adjudicadores perfeccionaranse coa súa formalización.

- Artigo **37.1 LCSP**: as entidades do sector público non poderán contratar verbalmente, salvo no caso de emerxencia o cal, non é o caso que nos ocupa.

Segundo: O informe asinado o 09.02.2024 (CVD: AvJle1zwu77kj3jjkq4X) polo técnico en Promoción Económica

O informe asinado o 09.02.2024 (CVD: AvJle1zwu77kj3jjkq4X) polo técnico en Promoción Económica exprésase nos seguintes termos:

"(...) As prestacións obxecto do presente informe enténdense cumpridas polo contratista ao terse realizado, de conformidade cos termos do contrato e a satisfacción da Administración, a totalidade das mesmas, de conformidade co previsto no artigo 210 da LCSP (clausula 27a do PCAP). O contrato tina un prazo de garantía de un mes a partir da data en que se efectuou o acto formal facendo constar que se realizaron satisfactoriamente todos os traballos correspondentes ao obxecto do contratos (clausula 27ª do PCAP), podendo tomarse, aos efectos de constancia da referida data, a da sinatura do "Informe sobre a subministración de lotes de produtos de Nadal para o "Desenvolvemento da Campana de dinamización comercial de Nadal 2022 - 23 do Concello de Cambre" xa indicado de data 3 de abril de 2023 (CVD: uuMradpTtz0g+lmhQZQa) ou, no seu defecto, a data de pago da factura no FCNG 230300211, de data 27 de marzo de 2023, emitida pola empresa **Grupo Disber Siglo XXI, S.L.**, no mes de decembro de 2023.

Transcorridos o prazo de execución contemplado nos pregos de prescricións e de garantía correspondente, e realizadas satisfactoriamente a totalidade das prestacións obxecto de contratación, e considerando que o órgano competente para efectuar a devolución das garantías do presente contrato é a Xunta de Goberno Local, **PROPONSE,**

Primeiro. Aprobar á devolución da garantía definitiva do contrato correspondente á “Subministración de lotes de produtos de Nadal para o “Desenvolvemento da Campaña de dinamización comercial de Nadal 2022 - 23 do Concello de Cambre” do contrato das “Subministracións e servizos necesarios para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2022 - 2023”, expediente número 2022/C005/000012, á empresa **Grupo Disber Siglo XXI, S.L.**, ascendendo o importe da devandita garantía á cantidade de **245,75 euros. (...)**”

Terceira: Responsabilidades a que están afectas as garantías.

O artigo 110 da LCSP dispón:

“La garantía definitiva únicamente responderá de los siguientes conceptos:

- a) De la obligación de formalizar el contrato en plazo, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 153.
- b) De las penalidades impuestas al contratista conforme al artículo 192 de la presente Ley.
- c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.
- d) De la incautación que puede decretarse en los casos de resolución del contrato, de acuerdo con lo que en él o en esta Ley esté establecido.
- e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato”

IV) CONCLUSIONS

A orixe e razón de ser da exigencia de garantía definitiva e responder polos conceptos sinalados no artigo 110 da LCSP

polo que, en ausencia de contrato formalizado por ter sido declarada deserta a licitación, non ten obxecto que a citada garantía siga depositada na Tesourería Municipal. O correcto houbera sido proceder de oficio a súa devolución xa no mesmo acordo da XGL polo que se declara deserta a licitación e por suposto, de ningunha maneira, tería que haberse executado por parte de Grupo Disber Siglo XXI, S.L o suministro ao non estar amparado en contrato algun.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino o presente informe en Cambre na data que figura na marxe”.

(...)

A teor do establecido nos arts. 107-111 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 584/2024, do 7 de maio, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a garantía definitiva constituída pola empresa Grupo Disber Siglo XXI, S.L. para o lote 2 “Subministración de lotes de produtos de Nadal” do contrato das “Subministracións e servizos necesarios para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2022 - 2023, exp: 2022/C005/00012, polo importe de 245,75 euros.

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 29 de maio de 2024 (CVD: MO5I2sL1owyo/jVA1OHY), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 24 ao 30 de maio de 2024, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 673/2024 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 686/2024, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
673/2024	24-05-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 28 de maio de 2024
674/2024	24-05-2024	Declarar a ARM responsable da comisión dunha infracción continuada ao disposto nos artigos 37 a) e 3 da Ordenanza municipal reguladora da posesión de animais domésticos e de animais salvaxes en cativeiro, da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos e do seu rexistro, consistente en deixar a uns cans no exterior da vivenda, sita na rúa Estanque, O Temple, que ladran de forma continuada, ocasionando molestias aos veciños, producíndose estas condutas entre as 22:00 e as 08:00 horas, impoñéndolle como consecuencia a sanción de multa de 150 euros

675/2024	24-05-2024	Aceptar a renuncia presentada o día 25 de setembro de 2023 ASPACE á axuda de 1.500,00 euros concedida por resolución núm.1519/2023, do 20 de setembro, do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación, para a contratación laboral temporal do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "PROXEDIS Cambre" 2022/2023. Aceptar a renuncia presentada o día 3 de xaneiro de PAI MENNI, axuda de 4.500,00 euros concedida por resolución núm.1519/2023 do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación do día 20 de setembro, para a contratación laboral temporal do alumnado traballador do obradoiro de emprego. Aprobar a documentación xustificativa presentada por ASPRONAGA, beneficiaria da axuda de 1.500,00 euros concedida ao abeiro das bases de convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "PROXEDIS Cambre" 2022/2023. Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, así como o seu pagamento
676/2024	27-05-2024	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 30 de maio de 2024
677/2024	27-05-2024	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: LVP
678/2024	27-05-2024	Dar de baixa o recibo AGC que se aprobou no Padrón da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercancías de calquera clase, correspondente ao 2023, por resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos núm. 900/2023 de data 19.05.2023, por incorrir nun erro nos datos identificativos do obrigado tributario, NIF, así como todas as actuacións. Aprobar a liquidación correspondente á taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercancías de calquera clase anualidade 2023 por importe de 31 euros
679/2024	29-05-2024	Arquivar o expediente instruído a JGC e MJP ao terse constatado que os vertidos denunciados foron retirados da finca sita en Sigrás
680/2024	29-05-2024	Iniciar procedemento sancionador a MGC para determinar a súa responsabilidade e no seu caso a sanción correspondente como consecuencia da presunta comisión dunha infracción consistente no depósito de restos de poda nun camiño público sito en San Lorenzo de Meixigo
681/2024	29-05-2024	Ordenar a AMC que rectifique as deficiencias existentes na parcela sita en Cecebre, para o cal deberá retirar os materiais residuais existentes na finca, debendo depositalos nun punto limpo e rozar a vexetación existente na parcela
682/2024	29-05-2024	Revogar aos beneficiarios que indican, con efectos 1 de xaneiro de 2024, as bonificacións do 100% sobre o mínimo facturabile determinado para os usos domésticos nas cotas da taxa por subministración de auga potable e da taxa pola rede de sumidoiros,

		por non chegar debidamente os datos económicos actualizados acreditadores da súa falta de capacidade económica, ou non estar empadroadado na vivenda obxecto de bonificación de conformidade co artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9 reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros e co apartado 1 do artigo 5 da ordenanza fiscal núm.15 reguladora da taxa por subministración de auga
683/2024	29-05-2024	Revogar aos beneficiarios que indican, con efectos 1 de xaneiro de 2024, as bonificacións do 100% sobre o mínimo facturable determinado para os usos domésticos nas cotas da taxa por subministración de auga potable e da taxa pola rede de sumidoiros, por non chegar debidamente os datos económicos actualizados acreditadores da súa falta de capacidade económica, ou non estar empadroadado na vivenda obxecto de bonificación de conformidade co artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9 reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros e co apartado 1 do artigo 5 da ordenanza fiscal núm.15 reguladora da taxa por subministración de auga
684/2024	29-05-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
685/2024	30-05-2024	Aprobar a nómina do mes de maio do 2024 por un importe total retribucións brutas 351.679,14 euros
686/2024	30-05-2024	Convocar sesión extraordinaria da Comisión Especial do Plan Xeral de Ordenación Municipal para o martes 4 de xuño de 2024, ás 11:00 horas

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e catro minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo